



**SOCIEDADE PÚBLICA DE  
INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E  
MOBILIDADE**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2021 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

Mediante o Decreto 56/1997 de 6 de marzo, publicado no DOGA do 20 de marzo de 1997, créase a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. aprobándose os seus estatutos e establécese un capital fundacional de 3,005 millóns de euros totalmente subscrito e desembolsado pola Comunidade Autónoma de Galicia. O 31 de marzo de 1997 mediante outorgamento de escritura pública ante D. Manuel Julio Reigada Montoto, Notario do Ilustre Colexio de Galicia, constitúese a Sociedade ó amparo do disposto no artigo 14.2º da Lei que rexe esta clase de Sociedades, como unha Sociedade Anónima Unipersoal. O obxecto social é o seguinte: "Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuación, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, logo de autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmobles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación. Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei de Patrimonio da Xunta de Galicia ou calquera outra disposición que lle sexa aplicable polo carácter de empresa pública da sociedade, en sociedades de obxecto idéntico ou análogo. Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrencia propios de contratación administrativa." Conforme o establecido na Disposición Adicional décimo segunda dos Presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, as relacións entre a Xunta de Galicia e a Sociedade Pública regularanse mediante un Convenio Marco que será aprobado polo Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda, no que se establecerán, entre outros, os extremos ós que deberá axustarse o Plan Económico Financeiro que deberá ser aprobado como instrumento básico de regulamentación das relacións específicas derivadas dos encargos da Xunta de Galicia á Sociedade. Na súa virtude o 2 de maio de 1997 apróbbase o citado Convenio Marco así como os presupostos de explotación e de capital iniciais da Sociedade. Posteriormente, o 10 de febreiro de 2012, tamén o Consello da Xunta, aproba o Convenio Marco vixente na actualidade. Como consecuencia da moción aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 23 de xuño de 1998 no punto 3º da orde do día procedemos a incluír no proxecto de lei de orzamentos os plans de obra a executar pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. Con data 29 de Abril de 2011, as Xuntas Xerais da sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. (Sociedade Unipersoal) "ACEOUSA" e da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. acordaron levar a cabo unha operación de fusión mediante absorción da primeira por parte da segunda, que adquiriu a título de sucesión universal todos os elementos de activo

e pasivo da Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. Unha vez transcorrido o prazo legal correspondente, o referido acordo de fusión elevouse a escritura pública e inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela polo que, con efectos dende o 16 de xuño de 2011, produciuse a citada fusión. A resultas da presente fusión modificáronse os Estatutos Sociais da SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.U. (Sociedade Absorbente) para ampliar no seu obxecto social a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente. Así mesmo, forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste. Na actualidade, a Sociedade conta co trazado completo en servizo das autoestradas AG-53, entre o Enlace de Dozón e a Autovía A-52, (31,7 km) e a AG-54, entre o intercambiador de Maside e O Carballiño (5,2 km), suxeitos ás actividades de conservación e mantemento. No momento de redactar esta memoria (outubro 2020), a intensidade media diaria (IMD) de vehículos para o ano foi de 7.087 vehículos fronte a 9.610 vehículos do ano 2019, o que representa una diminución do 27 por cento.

Esta diminución xurde como consecuencia do impacto na actividade da sociedade das medidas de confinamento e restrición da mobilidade que se tomaron para enfrontar a pandemia pola COVID-19.

### I.1.1. Obxectivos

| EIXO | DESCRIPCIÓN EIXO                         |
|------|--|
| E1   | Empregabilidade e crecemento intelixente |

| EIXO | PRIORIDADE ACTUACIÓN | DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN   |
|------|----------------------|--|
| E1   | PA4                  | Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda |

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

| OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO | DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO  | 2021      | 2022      | 2023      |
|-----------------------------|--|-----------|-----------|-----------|
| OE02                        | Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda | 5.421.660 | 3.681.587 | 3.677.397 |

| OBX ESTRATÉGICO/<br>INTERMEDIO | DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/<br>INTERMEDIO | 2021             | 2022             | 2023             |
|--------------------------------|--|------------------|------------------|------------------|
| <b>TOTAL</b>                   |  | <b>5.421.660</b> | <b>3.681.587</b> | <b>3.677.397</b> |

| OBX OPERATIVO | DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO  | 2021             | 2022             | 2023             |
|---------------|--|------------------|------------------|------------------|
| 0001          | Accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional | 5.421.660        | 3.681.587        | 3.677.397        |
| <b>TOTAL</b>  |  | <b>5.421.660</b> | <b>3.681.587</b> | <b>3.677.397</b> |

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN INDICADOR         | 2021 | 2022 | 2023 | UNIDADES |
|-----------|-------------------------------|------|------|------|----------|
| CRT       | %CRT > 0,50                   | 97   | 96   | 95   | %        |
| HPC       | HORAS PECHE CARRIL            | 0    | 0    | 0    | HORAS    |
| I         | INDICADOR ANUAL DE CONXESTIÓN | 1    | 1    | 1    |          |
| IC        | IMPORTE CERTIFICADO           | 100  | 100  | 100  | %        |
| IP        | % VARIACIÓN IP                | 0    | 0    | 0    | %        |
| IRI       | %IRI < 1,5 m/km               | 90   | 89   | 88   | %        |

## I.2. Inversións

| INVESTIMENTO PROXECTO                     | ANO INICIAL | ANO FINAL | CUSTO TOTAL        | ORZAMENTO 2021   | CONCELLO |
|---|-------------|-----------|--------------------|------------------|----------|
| Conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón | 2.021       |           | 1.790.330          | 1.790.330        | 3615016  |
| Construción AG53-AG54                     | 2.003       |           | 201.493.355        | 0                |          |
| Explotación AG53 - AG54                   | 2.007       |           | 68.846.692         | 1.483.000        |          |
| <b>TOTAL</b>                              |             |           | <b>272.130.377</b> | <b>3.273.330</b> |          |

As actuacións previstas para o desenvolvemento da estratexia da sociedade e para acadar os obxectivos previstos atópanse valoradas na previsión das partidas do orzamento de explotación e capital.

Construción da Autoestrada: Este importe recolle, a estimacións dos incrementos dos custos das expropiacións polos fallos do Xurado de expropiación pendentes.

Explotación AG53&AG54 (1.483.000,00 euros): Esta actuación correspóndese coas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, as ditas actividades supoñen a realización das operacións de conservación e mantemento, as actuacións encamiñadas á defensa da vía e do usuario, as operacións referentes á sinalización, ordenación de accesos, imposición de límites e control do uso do dominio público viario, e, todas as actuacións de conservación, reparación e vixilancia precisas para manter a autoestrada en servizo en condicións aptas para a súa utilización.

Ademáis no ano 2021 realizarase a renovación de sistemas de iluminación pública para favorecer o aforo enerxético e de custos das instalacións

Conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (1.790.330,00 euros): Este importe inclúe todas as actuacións necesarias para a execución dos proxectos de construción “Ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón” e “Ramal de saída da AG-53 no Alto de Santo Domingo (Dozón)”.

### I.3. Territorialización

| CONCELLO         | GASTO DE PERSOAL | OUTROS GASTOS CORRENTES | GASTOS DE CAPITAL |
|------------------|------------------|-------------------------|-------------------|
| Varios Concellos | 1.001.377        | 2.609.953               | 1.810.330         |
| <b>TOTAL</b>     | <b>1.001.377</b> | <b>2.609.953</b>        | <b>1.810.330</b>  |

### I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

#### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

| INGRESOS                                  | 2021             | 2022             | 2023             |
|---|------------------|------------------|------------------|
| Ingresos actividade autoestrada AG53&AG54 | 8.028.496        | 8.108.777        | 9.014.096        |
| <b>TOTAL</b>                              | <b>8.028.496</b> | <b>8.108.777</b> | <b>9.014.096</b> |

Procedente da actividade da autoestrada, a sociedade obtén recursos da facturación que lle fai á Axencia Galega de Infraestruturas polo peaxe asumido por esta polo uso da vía por parte dos usuarios e que no ano 2021 estímase que ascenderá a 6,96 millóns de euros (sen IVE). De acordo co disposto no R.D. 432/2003, de 5 de decembro, e en virtude do artigo 23.3º da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, a Xunta realizará mensualmente transferencias de fondos públicos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, co fin de manter o equilibrio financeiro da sociedade. No exercicio 2021 a cantidade estimada por este concepto ascende a 1,07 millóns de euros (sen IVE).

A dita facturación, recollida no importe neto da cifra de negocios, obtense como o produto dos seguintes valores: nº de vehículos previstos para cada ano, os quilómetros en explotación e a tarifa aplicable.

- O nº de vehículos previsto obtense a partires da evolución histórica do tráfico real rexistrado e o estimado no 2020.

- As tarifas aplicadas recóllense no Decreto 163/2019, do 26 de decembro, polo que se regulan os novos termos da xestión da autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo-A-52 (AG-53 e AG-54), polo que se aproba a revisión de tarifas de peaxe para os anos 2020 e 2021.

## Transferencias e subvencións de explotación recibidas

|   | REAL 2019 | ESTIMADO 2020 | PREVISIÓN 2021 |
|---|-----------|---------------|----------------|
| Subvencións Correntes Recibidas do Estado |           |               |                |
| Subvencións Correntes Recibidas da UE     |           | 19.628        |                |
| <b>TOTAL</b>                              | <b>0</b>  | <b>19.628</b> | <b>0</b>       |

Este importe, procedente da financiación obtida con fondos FEDER a través do Inega dentro do programa de subvencións para a implantación de proxectos de aforro e eficiencia enerxética, destinouse á substitución de todas as luminarias existentes nos Enlaces da AG-53 coa AG-54 e da AG-53 coa A-52 e OU-402, que actualmente son de VSAP por luminarias LED. Con estas actuacións complétase a mellora de iluminación e eficiencia da mesma no treito que soporta mais tráfico na AG-53.

## GASTOS

### Gastos de persoal

|               | REAL 2019 | ESTIMADO 2020 | PREVISIÓN 2021 |
|---------------|-----------|---------------|----------------|
| Nº Empregados | 14        | 14            | 18             |
| Custo Total   | 570.942   | 573.234       | 760.205        |
| Custo Medio   | 40.782    | 40.945        | 42.233         |

Os gastos de persoal son os que se atopan aprobados pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e non inclúe eventuais alteracións que en materia de retribucións recolla a Lei de orzamentos. No concepto de antigüidade compútanse, os trienios correspondentes ós funcionarios en excedencia que teñen dereito a percibir as cantidades que en concepto de antigüidade viñan percibindo como funcionarios de carreira tal e como quedou aprobado no Consello de Administración do día 29 de maio de 1.997, e tamén o complemento salarial de antigüidade ó que terá dereito todo o persoal da Sociedade que se establece no convenio de oficinas e despachos para a provincia da Coruña.

### Outras remuneracións ao persoal

Dentro da cifra de soldos e salarios que figura na conta de Perdas e Ganancias inclúese a estimación do importe correspondente á remuneración pola asistencia ó Consello de Administración que ascende a 22.400 euros.

Dito Consello de Administración está composto por un Presidente, un Vicepresidente y 5 Vogais.

○ resto do importe correspóndese con outros gastos de persoal (formación...)

### Servizos exteriores

| DESCRICIÓN              | REAL 2019 | ESTIMADO 2020 | PREVISIÓN 2021 | PREVISIÓN 2022 | PREVISIÓN 2023 |
|-------------------------|-----------|---------------|----------------|----------------|----------------|
| ARRENDAMENTOS E CÁNONES | 61.974    | 61.399        | 62.627         | 64.193         | 65.798         |
| GASTOS VARIOS           | 46.239    | 40.887        | 61.705         | 70.248         | 71.247         |

| DESCRIPCIÓN                  | REAL 2019        | ESTIMADO 2020    | PREVISIÓN 2021   | PREVISIÓN 2022   | PREVISIÓN 2023   |
|------------------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
| PRIMAS DE SEGUROS            | 68.030           | 64.051           | 64.313           | 65.920           | 67.568           |
| REPARACIÓNS E CONSERVACIÓN   | 1.308.678        | 1.647.713        | 1.491.465        | 1.472.313        | 1.472.531        |
| SERV. BANCARIOS E SIMILARES  | 197              | 207              | 211              | 216              | 221              |
| SERV. PROFESIONAIS INDEPEND. | 34.072           | 47.836           | 35.622           | 36.513           | 37.427           |
| SUMINISTROS                  | 86.387           | 82.934           | 84.592           | 86.707           | 88.875           |
| <b>TOTAL</b>                 | <b>1.605.577</b> | <b>1.945.027</b> | <b>1.800.535</b> | <b>1.796.110</b> | <b>1.803.667</b> |

Dentro do epígrafe de servizos exteriores a partida máis significativa correspóndese coa de conservación da autoestrada. Durante o ano 2021 están previstas as actuacións de conservación ordinarias habituais; vixilancia do estado da vía, atención de accidentes e incidencias, reparacións de danos, tanto accidentais como por deterioro ordinario, vialidade invernal (do 1 de xaneiro ao 31 de marzo e do 15 de outubro ao 31 de decembro), desbroce de márxes, auscultación do estado do firme e marcas viarias, inspección de estruturas, etc., incluíndo unha campaña de reparacións puntuais nos camiños de servizo, principalmente sobre o estado do seu firme e o sistema de drenaxe.

Ademáis, para este próximo exercicio, está previsto realizar a renovación da iluminación pública dos Enlaces da AG-53 coa N-525 en Piñor e coa OU-402 en Cea, substituíndo as actuais luminarias de vapor de sodio de alta presión por outras con leds, o que suporá una mellora notable da eficiencia enerxética, ademais dunha importante redución dos custos de mantemento, e tamén unha mellor iluminación dos viais.

### Amortización

| DESCRIPCIÓN             | REAL 2019        | ESTIMADO 2020    | PREVISIÓN 2021   |
|-------------------------|------------------|------------------|------------------|
| Inmovilizado Intanxible | 4.191.488        | 4.076.726        | 3.687.000        |
| Inmovilizado Material   | 10.279           | 15.576           | 15.576           |
| <b>TOTAL</b>            | <b>4.201.767</b> | <b>4.092.302</b> | <b>3.702.576</b> |

### 1.4.2. Previsións Orzamento de capital

#### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

Non está previsto que a Sociedade perciba transferencias nin subvencións de capital.

#### Achegas patrimoniais

| APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.         | REAL 2019         | ESTIMADO 2020 | PREVISIÓN 2021 |
|---|-------------------|---------------|----------------|
| CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | 94.640.851        |               |                |
| <b>TOTAL</b>                                    | <b>94.640.851</b> | <b>0</b>      | <b>0</b>       |



## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiroiro

| ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO | REAL 2019      | ESTIMADO 2020 | PREVISIÓN 2021   |
|--|----------------|---------------|------------------|
| Inmovilizado intanxible                  | 282.226        | 0             | 1.790.330        |
| Inmovilizado material                    | 1.980          | 6.188         | 20.000           |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>284.206</b> | <b>6.188</b>  | <b>1.810.330</b> |

Co obxecto de adaptar a estrutura da Sociedade ás novas necesidades, estimáronse adquisicións de mobiliario, equipo informático e de outro tipo por un custe de 20 mil euros.

Tamén se prevé a construción dun novo acceso á AG53 no Concello de Dozón mediante unha conexión entre a AG-53 e a N-525 por un importe de 1.790.330,00 euros: “Ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón” e “Ramal de saída da AG-53 no Alto de Santo Domingo (Dozón)”.

### Adquisicións de inmovilizado financeiroiro

Non se estima orzamento ningún neste epígrafe.

## FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A variación neta de pasivos financeiros entre o ano 2020 e o 2021 é a seguinte:

Total préstamos a longo e curto prazo por operacións formalizadas coa Xunta de Galicia:

- Ano 2020: 14.309.967,55 euros.

- Ano 2021: 14.309.967,55 euros.

DIFERENZA: 0,00 euros.



| ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021 |   |                                  |                |                |
|--|---|----------------------------------|----------------|----------------|
| SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA   |   |                                  |                |                |
| Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007   | BALANCE ACTIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                |                |
|  |   | REAL 2019                        | ESTIMADO 2020  | ORZAMENTO 2021 |
|  | <b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>                                     | <b>186.545</b>                   | <b>181.862</b> | <b>179.295</b> |
|  | I. Inmobilizado intanxible  | 186.147                          | 181.547        | 179.052        |
|  | 1. Desenvolvemento  |                                  |                |                |
|  | 2. Concesións   |                                  |                |                |
|  | 3. Patentes, licencias, marcas e similares                        | 2                                |                |                |
|  | 4. Fondo de comercio  |                                  |                |                |
|  | 5. Aplicacións informáticas                                       |                                  |                |                |
|  | 6. Outro inmobilizado intanxible                                  | 186.144                          | 181.547        | 179.052        |
|  | II. Inmobilizado material   | 22                               | 13             | 17             |
|  | 1. Terreos e construcións   |                                  |                |                |
|  | 2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material           | 22                               | 13             | 17             |
|  | 3. Inmobilizado en curso e anticipos                              |                                  |                |                |
|  | III. Investimentos inmobiliarios                                  |                                  |                |                |
|  | 1. Terreos  |                                  |                |                |
|  | 2. Construcións   |                                  |                |                |
|  | IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo  | 1                                | 1              | 1              |
|  | 1. Instrumentos de patrimonio                                     |                                  |                |                |
|  | 2. Créditos a empresas  |                                  |                |                |
|  | 3. Valores representativos de débeda                              |                                  |                |                |
|  | 4. Derivados  |                                  |                |                |
|  | 5. Outros activos financeiros                                     | 1                                | 1              | 1              |
|  | V. Investimentos financeiros a longo prazo                        |                                  |                |                |
|  | 1. Instrumentos de patrimonio                                     |                                  |                |                |
|  | 2. Créditos a terceiros   |                                  |                |                |
|  | 3. Valores representativos de débeda                              |                                  |                |                |
|  | 4. Derivados  |                                  |                |                |
|  | 5. Outros activos financeiros                                     |                                  |                |                |
|  | VI. Activos por imposto diferido                                  | 375                              | 300            | 225            |
|  | <b>B) ACTIVO CORRENTE</b>   | <b>11.484</b>                    | <b>5.194</b>   | <b>5.881</b>   |
|  | I. Activos non correntes mantidos para a venda                    |                                  |                |                |
|  | II. Existencias   |                                  |                |                |
|  | 1. Comerciais   |                                  |                |                |
|  | 2. Materias primas e outros aprovisionamentos                     |                                  |                |                |
|  | 3. Productos en curso   |                                  |                |                |
|  | 4. Productos terminados   |                                  |                |                |
|  | 5. Subproductos, residuos e materias recuperados                  |                                  |                |                |
|  | 6. Anticipos a provedores   |                                  |                |                |
|  | III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar                 | 9.124                            | 2.023          | 1.683          |
|  | 1. Clientes por vendas e prestacións de servizos                  | 2                                |                |                |
|  | 2. Clientes, empresas do grupo e asociadas                        | 8.775                            | 2.013          | 1.673          |
|  | 3. Debedores varios   | 39                               |                |                |
|  | 4. Persoal  | 25                               | 10             | 10             |
|  | 5. Activos por imposto corrente                                   | 274                              |                |                |
|  | 6. Outros créditos coas Administracións Públicas                  | 9                                |                |                |
|  | 7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos                |                                  |                |                |
|  | IV. Inverstimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo |                                  |                |                |
|  | 1. Instrumentos de patrimonio                                     |                                  |                |                |
|  | 2. Créditos a empresas  |                                  |                |                |
|  | 3. Valores representativos de débeda                              |                                  |                |                |
|  | 4. Derivados  |                                  |                |                |
|  | 5. Outros activos financeiros                                     |                                  |                |                |
|  | V. Investimentos financeiros a curto prazo                        |                                  |                |                |
|  | 1. Instrumentos de patrimonio                                     |                                  |                |                |
|  | 2. Créditos a empresas  |                                  |                |                |
|  | 3. Valores representativos de débeda                              |                                  |                |                |
|  | 4. Derivados  |                                  |                |                |
|  | 5. Outros activos financeiros                                     |                                  |                |                |
|  | VI. Periodificacións a curto prazo                                | 46                               | 48             | 48             |

| ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021 |  |                                  |                |                |
|--|--|----------------------------------|----------------|----------------|
| SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA   |  |                                  |                |                |
| Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007   | BALANCE ACTIVO                               | (En miles de euros sen decimais) |                |                |
|  |  | REAL 2019                        | ESTIMADO 2020  | ORZAMENTO 2021 |
|  | VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes | 2.314                            | 3.123          | 4.150          |
|  | 1. Tesorería                                 | 2.314                            | 3.123          | 4.150          |
|  | 2. Outros activos líquidos equivalentes      |                                  |                |                |
|  | <b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>                  | <b>198.029</b>                   | <b>187.055</b> | <b>185.176</b> |

| ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021 |   |                                  |                |                |
|--|---|----------------------------------|----------------|----------------|
| SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA   |   |                                  |                |                |
| Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007   | BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO                                     | (En miles de euros sen decimais) |                |                |
|  |   | REAL 2019                        | ESTIMADO 2020  | ORZAMENTO 2021 |
|  | <b>A) PATRIMONIO NETO</b>   | <b>175.470</b>                   | <b>170.538</b> | <b>168.613</b> |
|  | A.1) Fondos propios   | 175.470                          | 170.538        | 168.613        |
|  | I. Capital  | 131.646                          | 131.646        | 131.646        |
|  | 1. Capital escriturado  | 131.646                          | 131.646        | 131.646        |
|  | 2. ( Capital non esixido)   |                                  |                |                |
|  | II. Prima de emisión  |                                  |                |                |
|  | III. Reservas   | 43.579                           | 38.816         | 36.885         |
|  | 1. Legal e estatutarias   | 4.614                            | 4.637          | 4.644          |
|  | 2. Outras reservas  | 38.965                           | 34.179         | 32.240         |
